

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DO MAR**

EXTRACTO da Orde do 18 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases e se regula o procedemento para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de axudas para investimentos que fomenten a pesca sostible para tripulantes de buques pesqueiros cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) e se convocan para o ano 2021, este procedemento, tramitado como expediente anticipado de gasto (código de procedemento PE119A).

BDNS (Identif.): 541629.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. Beneficiarios

Poderán ser beneficiarios das subvencións, sen prexuízo de reunir os demais requisitos establecidos nestas bases, os pescadores enrolados en buques pesqueiros ou, segundo o caso, con titulación que permita desenvolver a actividade pesqueira.

Segundo. Finalidade

As axudas terán como finalidade:

A primeira adquisición dun buque de pesca.

Terceiro. Bases reguladoras

Orde do 18 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases e se regula o procedemento para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de axudas para investimentos que fomenten a pesca sostible para tripulantes de buques pesqueiros cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) e se convocan para o ano 2021, este procedemento, tramitado como expediente anticipado de gasto (código de procedemento PE119A).

Cuarto. Importe

Para o ano 2021 as axudas concederanse con cargo á seguinte aplicación orzamentaria que figura dotada no orzamento de gastos da Consellería do Mar para o ano 2021. O

CVE-DOG: kk714fw9-c7e2-jrb1-arq7-8juvdjqzjij0



importe total máximo das subvencións que se concedan neste exercicio orzamentario é o seguinte:

Aplicación orzamentaria: 15.02.723A.780.0.

Importe: 300.000 € para a adquisición dun buque de pesca.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

Un mes contado desde o día seguinte ao da publicación da orde.

Entenderase como último día do prazo para a presentación de solicitudes o correspondente ao mesmo ordinal do día da súa publicación. Se o último día do prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, e se no mes de vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo finaliza o último día do mes.

Santiago de Compostela, 18 de decembro de 2020

Silvia Cortiñas Fernández
Secretaría xeral técnica da Consellería do Mar

CVE-DOG: kk714fw9-c7e2-jrb1-arq7-8juvdjquzjj0

